



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA

C E R T I F I C A :

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do vinte e seis de xaneiro de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º Aprobar o emprego xeral e único do paquete ofimático libre en todos os postos de traballo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, nos termos que se recollen no documento que se anexa.

2º Autorizar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a publicación deste acordo.”

E para que conste asina a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, vinte e seis de xaneiro de dous mil dezasete.

Vº e Prace
O PRESIDENTE





ACORDO POLO QUE SE APROBA O EMPREGO XERAL E ÚNICO DO PAQUETE OFIMÁTICO LIBRE EN TODOS OS POSTOS DE TRABALLO DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO


Desde que no ano 2010 a Xunta de Galicia puxera en marcha, por primeira vez en Galicia, un plan específico orientado ao fomento do software libre, na nosa Comunidade téñense conseguido grandes avances na súa adopción e uso nos diversos ámbitos da nosa sociedade.

A Axenda Dixital de Galicia 2020 (ADG 2020), aprobada no Consello da Xunta o 30 de abril de 2015, recolle o software libre como un dos principios para a xestión eficiente das distintas iniciativas ao indicar que “o impulso do uso do software libre e de estándares abertos e fomento da reutilización de solucións, serán ferramentas para garantir a interoperabilidade dos sistemas informáticos e achegar a tecnoloxía á sociedade evitando a dependencia de determinados provedores TIC e os custes recorrentes”.

Neste contexto, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) continúa mantendo a súa aposta polo uso do software libre plasmada nos plan anuais de acción en software libre que teñen como principais eixos de actuación o fomento da reutilización do software na Administración pública, o impulso dunha oferta de solucións baseadas en software libre dirixida ás empresas e o achegamento do software libre ao conxunto da sociedade.

No eixo de actuación da propia Administración pública, a Amtega, desde o 2015, continuou avanzando na migración do posto do empregado público á ofimática libre, na publicación e liberación de novas solucións de software desenvolvidas pola Xunta de Galicia e na aposta pola reutilización de software e contidos, impulsando entre os responsables TIC o coñecemento de casos de éxito doutras Administracións públicas e por outra parte fomentando o coñecemento dos casos de éxito propios, fóra da nosa comunidade a través do Catálogo do Centro de Transferencia Tecnolóxica e o portal europeo da reutilización.

Este acordo formaliza a aposta da Xunta de Galicia polo uso do software libre ao aplicar os resultados do desenvolvemento do Plan de dotación e xestión sostible de medios no Posto de Traballo para a prestación dos servizos públicos dixitais a





cidadáns e empresas, en relación ás vantaxes do aforro que permite a política de progresiva redución de gastos en licenzas en sistemas comerciais naqueles casos nos que existen solucións tecnolóxicas de igual ou mellor calidade con licenza libre como é o caso do paquete ofimático.

Deste xeito, a Xunta de Galicia avanza nas políticas de eficiencia e bo uso de tecnoloxías libres grazas á implantación de solucións de software libre na súa infraestrutura tecnolóxica coa consecución de aforro e mellora de produtividade.

Por todo o exposto

ACÓRDASE

Primeiro: Obxecto

Constitúe o obxecto deste acordo o emprego xeral do paquete ofimático LibreOffice en todos os postos de traballo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Segundo: Ámbito de actuación

Todos os órganos e entidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia utilizarán o paquete ofimático LibreOffice na configuración de todos os postos de traballo do persoal empregado publico.

Terceiro: Réxime de actuación

O paquete ofimático LibreOffice será o único utilizado na Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Utilizaranse os formatos abertos do paquete ofimático LibreOffice, ou outros formatos de arquivo aberto e estándar para o almacenamento de documentos ofimáticos, nos procesos internos de xestión e coordinación entre as unidades, nas comunicacións con outras Administracións públicas e en todas as relacións coa cidadanía.

Poderanse prever excepcións por razóns técnicas ou funcionais debidamente xustificadas.

